



# PRESENTACIÓN DO LIBRO

## “HAI QUE ROELO”

DE **ANTONIO CENDÁN**

**VENRES, 28 DE XUÑO DE 2019 - 20:30 HORAS**

**CASA DA CULTURA DE VILALBA**



O vindeiro venres, 28 de xuño de 2019, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o acto de presentación do libro “**HAI QUE ROELO**” de **Antonio Cendán**. Intervirán, ademais do autor: **Armando Requeixo**, crítico literario, investigador do CSIC e profesor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e **Alberto Galego**, licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).

*“Pontevedra é unha festa. O conxunto granate derrotou ao Atlético cun gol, de Odriozola ao comezala segunda metade do partido. Nada pudieron facer os Luis Aragonñes, Collar, Salcedo, Rodri e o galego Ufarte co equipo que agora veñen de bautizar co nome de “Hai que roelo”, xa que o can non foi quen de roelo óso que tiña enfronte”*

Na segunda metade dos anos sesenta, Galicia continúa a ser unha terra atávica, na que aínda predominan mitos e lendas ancestrais que parecen condenar eternamente aos Galegos. Nese ambiente, xorde o Pontevedra FC, un equipo que racha cos convencionalismos establecidos no mundo do fútbol. Aproveitando o seu tirón, algúns mozos Galegos da época reivindicaban un novo tempo para Galicia, pero atópanse co rexeitamento da sociedade daquel entón.

Na súa primeira novela, Antonio Cendán

sumérxenos nun tempo no que se albisca algunha morna esperanza de renovación, pero que de seguida se esvaece ao atopáronse os protagonistas cunha brutal represión, paralela ao afundimento do Pontevedra FC na segunda división.

**ANTONIO CENDÁN FRAGA**, é xornalista, licenciado e doutor por la Universidade Complutense de Madrid. Traballou en distintos medios de comunicación, entre eles os xornais El Progreso, La Voz de Galicia, A Nosa Terra e El Mundo, así como na Axencia, TVG e as axencias Fax Press e Mundo International.

Este libro “Hai que Roelo” e a súa primeira novela, pero é o cuarto libro que escribe. Con anterioridade publicou outros tres: *A Televisión en Galicia. Historia deste medio de comunicación en Galicia*; *A Prensa en Galicia a partir de 1976*, e *Xornalismo e Medios de Comunicación en Galicia durante o franquismo*, que foi a súa tese de doutoramento.